

CÓMO FORMAR PARTE DO CONSELLO DA XUVENTUDE DE GALICIA

Segundo o **artigo 6** do Regulamento de Réxime Interior do CXG **poderán ser membros de pleno dereito:**

1.-

- a) As asociacións xuvenís cunha finalidade cultural, educativo-formativa, recreativa ou de aproveitamento do lecer e do tempo libre, deportiva ou outras semellantes que exerzan as súas actividades no ámbito nacional galego, así como os colectivos sen personalidade xurídica que desenvolvan actividades semellantes no mesmo ámbito.
- b) As unións, federacións e confederacións de entidades ou colectivos expresados no apartado a), sempre que cumpran iguais requisitos. A incorporación ó CXG de calquera destas entidades exclúe as dos seus membros por separado.
- c) As organizacións **estudiantís** que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
- d) As organizacións **políticas e sindicais xuvenís**.
- e) Os Consellos Locais das cidades de A Coruña, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo, Ferrol e Santiago, así como os Consellos Comarcais que se constitúan ó amparo da futura Lei de Organización Territorial de Galicia.

2.-

Se ben os colectivos **sen personalidade xurídica poden ser membros do CXG**, a súa admisión é condicional a que adquiran dita personalidade xurídica no prazo de **seis meses dende a toma de posesión dos seus conselleiros** na Asemblea Xeral. Así e todo, os organismos competentes do CXG enviaranlles un requirimento quince días hábiles antes de que finalice o prazo de seis meses, para que formalicen a súa situación.

3.-

As entidades sinaladas nas letras a), b), c) e d) do parágrafo 1º deben ter un ámbito territorial comprensivo de **toda a Comunidade Autónoma**.

En caso contrario, non poderán ser membros do CXG, pero a súa participación canalizarase a través dos Consellos Locais e Comarcais da Xuventude.

4.-

Non poderán ser membros do CXG aqueles colectivos, entidades ou asociacións que **profesen unha ideoloxía ou actuación que neguen os dereitos e liberdades democráticas, ensalcen a violencia como único medio para resolver os conflitos e refrenden uns ideais sexistas ou racistas**.

No caso de **non cumprir** estes requisitos, o regulamento **dáche a posibilidade de participar** como **membro observador**:

- a) Terán a condición de membros observadores do CXG aquelas organizacións e entidades de ámbito autonómico galego que non reúnan

os requisitos anteriormente expostos para ser membros de pleno dereito, ou que reuníndoos opten por esta vía.

- b) Asimesmo terán a condición de membro observador as asociacións ou delegacións estranxeiras que manteñan relación co propio CXG. A representación non será superior á un membro por país.

Para inscribirte como **asociación membro de pleno dereito cómpre presentar** a seguinte documentación:

1.- O dereito a participar no CXG farase efectivo a través de **solicitude por escrito**, dirixida á Comisión Permanente. A solicitude deberá estar asinada polo representante legal da entidade e acompañada dun documento que acredite o acordo validamente adoptado de solicita-la admisión no Consello.

2.- Á solicitude acompañarán os seguintes documentos:

- a) Acatamento da entidade solicitante da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- b) Aceptación da entidade solicitante das normas do CXG.
- c) Certificación do carácter democrático da estrutura e funcionamento da entidade.
- d) Estatutos.
- e) Certificación do Rexistro de asociacións xuvenís de Galicia no que conste a inscrición da entidade.
- f) Memoria das actividades realizadas durante o exercicio anterior.
- g) Relación de membros do órgano directivo.
- h) Carta de presentación asinada polos representantes de tres Consellos Locais de diferentes provincias ou de cinco Consellos Comarcais da Xuventude, sendo todos membros do CXG. Ata que non se constituía o número de Consellos Locais e comarcais suficientes ó efecto de cumpri-la norma sinalada no Artigo 7 h) será suficiente carta de presentación asinada polos representantes legais de cinco entidades membros do CXG.

3.- As entidades mencionadas nas letras a), b), c) e d) do parágrafo 1 do Artigo 6 deste Regulamento, incluírán ademais na memoria cantos datos e informes consideren necesarios para demostrar que o seu ámbito efectivo de actuación se estende a toda Galicia.

4.- Os Consellos Locais e Comarcais da Xuventude achegarán ademais, a documentación que demostre fidedignamente o cumprimento dos requisitos legais na súa constitución.

5.- Os colectivos sen personalidade xurídica non deberán presentar certificación da súa inscrición no rexistro correspondente, pero si os demais documentos sinalados nos parágrafos 1, 2 e 3 deste Artigo.

Unha vez presentada toda esta documentación ocorre o seguinte:

- 1.- As solicitudes de admisión presentaranse diante do Comité Permanente con dous meses de antelación como mínimo á data de celebración da Asemblea Xeral.
- 2.- O Comité Permanente estudiará e informará sobre as solicitudes de admisión ó Consello establecendo os mecanismos de comprobación que crea convintes. Se se observan diferencias ou carencia de documentos preceptivos requirirase á entidade para que os subsane nun prazo de 15 días contados dende a recepción da notificación.
- 3.- O Comité Permanente, para cada caso, someterá á votación da Asemblea Xeral unha destas tres mocións:
 - a) De admisión no CXG.
 - b) De rexeitamento da solicitude.
 - c) De petición de información adicional.Cada unha das mocións deberá ser motivada e basearse na lexislación vixente.
- 4.- A moción a) resultará aprobada sempre e cando os votos negativos non alcancen maioría absoluta. A moción b) resultará aprobada se obtén a maioría absoluta dos votos emitidos. A moción c) requirirá para a súa aprobación a maioría simple dos votos emitidos.
- 5.- No caso de que a Asemblea Xeral rexeite a solicitude de ingreso no Consello, a entidade interesada poderá interpor un recurso de reposición diante da Asemblea Xeral seguinte.
- 6.- Os acordos adoptados pola Asemblea serán notificados pola Comisión Permanente á entidade solicitante do ingreso.

A nosa intención, unha vez lido isto, é que vos animedes a formar parte deste organismo que, coas achegas de todas e todos, mellor podemos defender o ser e sentirse mozos e mozas nesta sociedade.

Se tedes algunha dúbida, estamos á vosa disposición para axudarvos. Cantos máis sexamos, maior enriquecemento, máis gañaremos en eficacia e pluralidade. De seguro que aquí tedes un espazo para que participe a vosa asociación.
¡Esperámosvos!